

## ACTA

<b>Expediente nº:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2022/32	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria
<b>Data</b>	08 de novembro de 2022
<b>Duración</b>	Dende as 13:09 ata as 13:26 horas
<b>Lugar</b>	Sala de Reunións
<b>Presidida por</b>	Manuel Cuiña Fernández
<b>Secretario acctal.</b>	David García Lareo
<b>Interventor</b>	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Angela Troitiño Gil	SÍ
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

## A) PARTE RESOLUTIVA

<b>Aprobación da acta da sesión anterior: 27.10.2022</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 27 de	

outubro de 2022.

**Expediente 1610/2022. Prestacións Económicas de Servizos Sociais - Solicitud de Axuda de Emerxencia Social**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 03 de novembro, respecto da situación de vulnerabilidade social e económica dunha familia ucraína residente no noso concello valórase a necesidade de prestar apoio económico para axudar a facer fronte ós gastos eléctricos da vivenda.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago dunha factura da luz da vivenda na que reside a persoa interesada en réxime precario.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a Dona M.T.R.I., propietaria do inmovible que fixo fronte ó pago da factura número F2022044950 por importe de 53,04 € con cargo á aplicación presupostaria correspondente.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

**Expediente 796/2020. Solicitud prórroga xustificación subvención**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o Convenio entre o Concello de Silleda e a Fundación Baiuca Verdescente, asinado no mes de xuño de 2022 para levar a cabo o Programa 'A miña horta é a túa' no exercicio 2022.

Vista a cláusula segunda, na que o Concello recoñece unha obriga de 1.000 € como aportación económica ao Programa.

Vista a cláusula 10.2 respecto de prazos e documentación xustificativa, na que se expón que 'os beneficiarios deberán xustificar a aplicación da subvención como data límite antes do 30 de outubro de 2022, salvo que se solicitase antes do remate do antedito prazo, unha prórroga'.

Visto o escrito presentado por Dna. María Nieves López Neira De La Torre, con DNI \*\*\*728\*\*\*, en calidade de representante da Fundación Baiuca Verdescente, con data 28 de outubro de 2022

Visto o informe da educadora social, con data 3 de novembro de 2022, no que se insta á aprobación da solicitude da Fundación, baseándose en conclusións cuantificables respecto da execución do

Programa.

Polo exposto, propoño a esta Xunta de Goberno Local , ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro.- Aprobar a solicitude de prórroga da xustificación do Programa 'A miña horta é a túa' 2022.

Segundo.- Comunicar á persoa interesada a concesión da prórroga.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo aos departamentos municipais correspondentes para a execución da devandita prórroga.

### **Expediente 21/2022. Solicitude devolución avais - SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS - Lotes 1 e 2**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

En data data 21.09.2022 con Rexistro de Entrada n.º 2022-E-RE-1146 e 2022-E-RE-11477 por José Luis Bascuas Gómez en representación de SERVICIOS AGRO-INDUSTRIALES BASCUAS SL con C.I.F. B36408987 preséntanse escritos de solicitude de devolución da garantía definitiva constituída para responder do contrato de servizos denominado "SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2022" - Lote 1 e Lote 2

Visto que a cláusula XXI do Prego de cláusulas administrativas establece que: "Aprobada a liquidación do contrato, se non resultasen responsabilidades que haxan de exercitarse sobre a garantía definitiva, dítarase acordo de devolución de aquela, previa solicitude do adxudicatario."

Considerando que de conformidade co establecido no art. 111 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a garantía non será devolta ou cancelada ata que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista;

Visto que a actuación foi recibida polo Concello, sen que exista reparo algún por parte deste sobre a súa execución.

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a devolución do Aval presentado por SERVICIOS AGRO-INDUSTRIALES BASCUAS SL mediante transferencia bancaria por importe de 1.067,20 €, constituído como garantía do correcto cumprimento do contrato de servizos denominado "SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2022" - Lote 1

Segundo.- Aprobar a devolución do Aval presentado por SERVICIOS AGRO-INDUSTRIALES BASCUAS SL mediante transferencia bancaria por importe de 579,60 €, constituído como garantía do correcto cumprimento do contrato de servizos denominado "SERVIZO DE ROZA E LIMPEZA DAS CUNETAS, BEIRAVÍAS E NOIROS DOS CAMIÑOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DO CONCELLO DE SILLEDA. ANO 2022" - Lote 2

Terceiro.- Notificar ao interesado o presente acordo.

#### **FOD - Expediente 1324/2022. Contratación mantemento alumeado publico Concello de Silleda**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

#### **Inclusión por urxencia Expediente 1324/2022**

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 08 de novembro de 2022.

#### **Expediente 1324/2022. Contratación mantemento alumeado publico Concello de Silleda**

Visto o informe de insuficiencia de medios que xustifica a necesidade deste contrato asinado pola Concelleira Delegada na data 6 de setembro de 2022.

Visto que pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 22 de setembro de 2022, previo ditame da Comisión Informativa de Medio Ambiente, Servizos e Industria, celebrada o pasado 22 de setembro de 2022, aprobouse o inicio do expediente de contratación do CONTRATO MIXTO DE SERVICIOS ENERXÉTICOS E DE MANTEMENTO INTEGRAL DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR do Concello de Silleda a adxudicar por procedemento aberto, regulación harmonizada, debendo quedar debidamente xustificado no expediente o disposto no apartado 4 do artigo 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Vistos os pregos prescricións técnicas particulares, asinado en data 19 de outubro de 2022 e o prego de cláusulas administrativas particulares asinado en data 26 de outubro de 2022.

Constando no expediente informe de secretaría do 27 de outubro de 2022, e informe de intervención nº 99/2022, de data 31 de outubro de 2022, emitidos de conformidade co previsto na Lei 9/2017, de 8

de novembro, de Contratos do Sector Público.

Polo exposto, e previo dictamen Comisión Informativa de Medio Ambiente, Servizos e Industria celebrada o 7 de novembro de 2022, a Xunta de Goberno Local ACORDA:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, regulación harmonizada, do CONTRATO MIXTO DE SERVIZOS ENERXÉTICOS E DE MANTEMENTO INTEGRAL DO ALUMEADO PÚBLICO EXTERIOR do Concello de Silleda polo importe de 9.325.860,58 Euros (IVE engadido).

Segundo.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescripcóns técnicas que rexerán a contratación mediante procedemento aberto, regulación harmonizada do presente contrato mixto de servizos de subministro e obra.

Terceiro.- Proceder á apertura do procedemento de adxudicación mediante contratación electrónica do presente contrato por procedemento aberto, regulación harmonizada, dando orde de que se proceda á publicación do expediente de contratación ademais de no perfil do contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Estado, no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE). O prazo para a presentación de proposicións non poderá ser inferior a trinta e días a contar desde o seguinte á publicación no perfil de contratante do anuncio de licitación, xa que non houbo envío do anuncio de información previa ao DOUE (artigo 156.2 LCSP).

## **DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**